

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

AVANCE PROGRAMACIÓN

2015


EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Planta baixa

FRANCISCO MANTECÓN. Paixón e cálculo

- 23 xaneiro – 31 maio 2015
- Comisarios: Angel Cerviño e Alberto González Alegre
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / Fundación Luis Seoane, A Coruña

A retrospectiva dun dos nosos artistas e deseñadores fundamentais de finais do século XX, Francisco Mantecón (Vigo, 1948–2001), poderá verse tamén na Fundación Luis Seoane, A Coruña, durante o verán do 2015.



Resulta moi significativo que, mesmo nestas primeiras décadas do século XXI, un dos paradigmas das vangardas históricas do século pasado, a depuración xeométrica das formas, continúe a fomentar as máis diversas prácticas artísticas contemporáneas, tanto nos medios tradicionais, pintura e escultura, como nas versións post-minimal e conceptuais do obxecto artístico desubicado e expandido. Neste sentido, a vixencia da obra de Francisco Mantecón é un feito indiscutible: moitos son os novos artistas galegos que, acaso sen ser totalmente conscientes desa liña de continuidade, seguen a traballar nas pautas tan magnificamente expostas e desenvolvidas polo mestre da abstracción xeométrica.

Mantecón tratará, dende os seus inicios, de expresar o máximo co mínimo, e seguirá adelgazando, cadro a cadro, os motivos e os recursos: "estou sacando elementos do cadro, e estoume a quedar sen cadro". Incansable explorador da retícula implícita do lenzo, verdadeiro microcosmos para cuxo cartografado non lle alcanzou unha vida enteira. O seu legado está nestes momentos tal vez máis vivo que nunca, agora que, de novo, ventos de crise axitan o horizonte, agora que a vocación de síntese e a volta ao esencial semellan impoñerse como necesidades acuciantes aos creadores máis novos, que volven así abrir camiños e trazar liñas de investigación na pura materialidade xeométrica da obra, cruzándose en moitas direccións coas sendas sutilmente delineadas por Francisco Mantecón.

Con motivo desta mostra, a **Editorial Galaxia** publicará un libro con textos dos seguintes autores sobre a obra e traxectoria de Mantecón: Antonio Doñate & X. Carlos Hidalgo, Roque Lazcano Vázquez, Vítor Mejuto, Manolo Moldes, Francisco Sampedro, e Mar Vicente, ademais dos comisarios da exposición.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

Planta baixa

LUIS SEOANE. **Movements universais**

- 19 xuño – 4 outubro 2015
- Comisario: David Barro
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo /Fundación Luis Seoane, A Coruña



Luis Seoane (Bos Aires, 1910 - A Coruña, 1979) é, para moitos, a personalidade máis relevante da cultura galega universal. A súa é unha aportación fundamental, máxime polo seu carácter poliédrico e pola súa curiosidade infinita, case sempre profética, que derivaba nunha capacidade de traballo singular. Cronista directo dunha época, os seus grandes coñecementos e vocación pedagóxica ou intención didáctica convérteno nun comunicador imprescindible e singular. Tamén nunha testemuña e militante único do seu tempo, unha vez que dende a súa figura e os seus actos atopamos as chaves do desenvolvemento da arte, o deseño, a comunicación e, en definitiva, a industria cultural ao longo do século XX.

Intelectual comprometido co seu tempo e de actitude nada elitista, Luis Seoane emprendeu gran cantidade de proxectos colectivos, sempre aberto ás diferentes manifestacións culturais da súa época. Esta exposición confórmase dende esa mesma actitude coral, entendendo o seu legado como un todo e buscando puntos de unión coa arte e o deseño internacional de cara á súa oportuna contextualización. Así, á expresividade da cor da súa pintura e a súa extraordinaria sensibilidade para o debuxo, únese a súa capacidade e dominio das técnicas do gravado, como tamén o é o seu labor na pintura mural. A exposición tamén abrangue a súa extensa relación editorial, expresada dende a ilustración de libros e deseño de cubertas, como impulsor de diferentes coleccións ou diagramador de revistas e propiamente como editor, onde xogou un papel fundamental no desenvolvemento do libro arxentino, sempre coa cultura galega como pano de fondo.

Por suposto, a súa actividade empresarial e papel determinante no renacer da fábrica de cerámica de Sargadelos e na posta en marcha do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada son feitos fundamentais que non se poden dissociar da súa faceta creadora, como tampouco se pode obviar o seu labor como periodista radiofónico, poeta, narrador, escenógrafo ou teórico, con numerosos textos sobre arte e cultura, importantes reflexións sobre a necesidade da integración das artes e a arquitectura, sobre cine, fotografía ou cerámica, e a súa curiosa visión sintética entre os movementos universais e o espírito de Galicia. Paradigma de resistencia cultural e loitador dende o exilio, o Laboratorio de Formas de Galicia e os labores emprendidos conxuntamente con Isaac Díaz Pardo actúan de exemplo da súa intención de construír a cultura dende o colectivo e de entender o deseño como elemento chave para a comunicación.

Esta mostra, que a Fundación Luis Seoane produce en estreita colaboración co MARCO, indaga nas confluencias que Luis Seoane traza con algún dos seus contemporáneos, así como con artistas históricos, pero tamén busca relación con artistas posteriores e iniciativas de desenvolvemento cultural propias doutras latitudes. Porque todos os movementos de Luis Seoane, dende Galicia e para Galicia, foron movementos universais.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

Planta baixa

PRODUCCIÓN 2015 / Bolsas DKV – MARCO

- 30 outubro 2015 – febreiro 2016
- Comisaria: Alicia Ventura
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / DKV Seguros



DKV Seguros, a compañía aseguradora especializada en saúde, creou o programa **ARTERIA DKV**, dedicado a impulsar diferentes accións que fomentan a creación artística como vía de comunicación e expresión, como motor de saúde e como forma de potenciar o pleno desenvolvemento persoal. Así, fiel ao seu compromiso artístico, DKV pretende impulsar a innovación e a creatividade en xeral entre o sector asegurador e sanitario, ademais de fomentalas como valores na sociedade.

Dentro deste programa, existen diversas iniciativas como a **Colección DKV** —cuxas obras visitan espazos de diferentes cidades españolas— o concurso Art30 e a iniciativa Fresh Art —que difunden a obra de novos artistas— ou a cátedra de empresa DKV Arte y Salud en colaboración coa Facultade de Belas Artes da Universidad Politécnica de Valencia (UPV), que pretende colaborar na formación de novos artistas. Recentemente creouse, en colaboración con LABoral Centro de Arte y Creación Industrial, Xixón, a Beca de Producción DKV Seguros - Álvarez Margaride.

A exposición que terá lugar no MARCO no último trimestre de 2015 inaugurarán unha nova iniciativa en colaboración co centro vigués. Con motivo deste proxecto convocaranse bolsas de produción para artistas, financiadas por DKV, e as obras resultantes formarán parte da mostra, xunto con outras obras pertencentes á colección DKV.

Grupo DKV pertence a Munich Re. Baixo a marca única Munich Health, Munich Re reuniu o seu coñecemento global sobre saúde en seguros e reaseguros. En España, o Grupo DKV está implantado en todo o territorio nacional, cunha ampla rede de oficinas e consultorios na que traballan case 2.000 empregados, e que dá servizo a preto de dous millóns de clientes. A súa vocación é ofrecer ao seus asegurados unha xestión orientada á calidade, caracterizada por unha actitude de innovación permanente en produtos e servizos e pola especialización en saúde e seguros persoais.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Primeiro andar

PORT AUTHORITY

Unha exposición de Gintaras Didžiapetris con AaBbPp, Elena Narbutaitė, Rosalind Nashashibi e William Eggleston

• 6 febreiro – 17 maio 2015

- Comisaria: Agar Ledo
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / CAPC, Musée d'Art Contemporain de Bordeaux
- Coa colaboración de: Pavilion, Leeds (UK), Galería Elba Benítez (Madrid)



[O pixelado da imaxe é intencionado]

Port Authority é unha exposición imaxinada como un lugar onde as ideas, obxectos ou seres se entrecruzan; un proxecto —que responde ao carácter portuario da cidade de Vigo— onde se exploran situacións de transferencia, nomadismo ou intercambio a través dun grupo de traballos concibidos por **Gintaras Didžiapetris** (Vilnius, Lituania, 1985) nos últimos anos: arquivos abertos (*open files*), fotografías, películas e obxectos que existen entre as actualizacións e correspondencias que se dan nos procesos de intercambio que lles afectan e nos afectan. A exposición incluírá, así mesmo, pezas de artistas como **AaBbPp**, **Elena Narbutaitė**, **Rosalind Nashashibi** e **William Eggleston**.

Nun contexto global onde o intercambio e os fluxos son constantes, as pezas de Gintaras Didžiapetris, alén de adoptar un estado de permanencia, están en constante fluxo temporal. As súas obras enténdense como parte dun sistema baseado en relacións, fronte ao baseado na aparencia. Existen no momento da súa actualización, nese proceso de transferencia que converte as pezas en entidades cunha existencia propia, non en meras representacións de algo existente. Nos seus desprazamentos e aparicións, as narrativas preexistentes québranse e recompóñense, esténdense.

Os traballos de Didžiapetris non se identifican cun medio concreto, créanse a partir de materiais e mecanismos orgánicos e sintéticos preexistentes, e xeran nas súas novas formalizacións novas vías de percepción, onde os procesos mentais adquiren máis importancia cá representación material. Son experiencias temporais, nómades, que implican reactivacións e transformacións baseadas en conexións.

Port Authority amosa interese por todo. *Port Authority* amosa interese por como se forma todo. *Port Authority* é unha exposición concibida a xeito de depósito, onde os obxectos repousan, como nun almacén, antes de seren redistribuídos. A exposición amosa un instante no tempo no cal a vida observable dos obxectos conforma unha visión particular do mundo.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Primeiro andar

A VOZ DO TRADUTOR

Proxecto gañador do Premio MARCO/FRAC Lorraine/SFKM para novos comisarios



- 29 maio – 30 agosto 2015
- Comisario: Martin Waldmeier
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / Frac Lorraine, Metz, Francia / SFKM Sogn og Fjordane Museum of Fine Art in Førde, Noruega

Xu Bing/Fabrice Samyn, Sylvie Boisseau & Frank Westermeyer, Erik Bünger, Luis Camnitzer, Esra Ersen, Mladen Stilinović/Jakup Ferri, Dora García, Nicoline van Harskamp, Susan Hiller, Rainer Ganahl, Joseph Grigely, Christoph Keller, Zineb Sedira, Ingrid Wildi Merino.

'A VOZ DO TRADUTOR', comisariada por **Martin Waldmeier** (Basilea, Suíza, 1984), foi o proxecto gañador da 6ª Edición do Premio para Novos Comisarios (2014), que nesta ocasión foi convocado conxuntamente por tres institucións: o MARCO de Vigo, o FRAC Lorraine (Fonds régional d'art contemporain de Lorraine) de Metz, Francia, e o SFKM (Sogn og Fjordane Kunstmuseum) de Førde, Noruega, que por vez primeira se suma a esta convocatoria. A exposición preséntase desde xaneiro de 2015 no Metz, e a continuación no MARCO, para rematar o ciclo no museo noruego.

The Translator's Voice [A voz do tradutor], explora a cambiante relación entre linguaxe e identidade no contexto da globalización. O proxecto formula en que medida a crecente necesidade de traducións en todos os niveis da vida social, económica e cultural, pode ser considerada non só un desafío ou unha ameaza, senón tamén unha fonte de creatividade e experiencia, e ao mesmo tempo lugar de actividade subversiva e crítica.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Primeiro andar

MEMORIA IMBORRABLE

Unha mirada histórica á Colección Videobrasil

- 11 setembro 2015 – xaneiro 2016
- Comisario: Agustín Pérez Rubio
- Produción: Associação Cultural Videobrasil



Akram Zaatari, Ayrson Heráclito & Danillo Barata, Aurélio Michiles, Bouchra Khalili, Carlos Motta, Coco Fusco, Dan Halter, Enio Staub, Jonathas de Andrade, León Ferrari & Ricardo Pons, Liu Wei, Luiz de Abreu, Mwangi Hutter, Rabih Mroué, Rosangela Rennó, Sebastian Diaz-Morales, Vincent Carelli & Dominique Gallois, Walid Raad

Do “descubrimento” de Brasil polos portugueses ao golpe de estado en Chile, o ataque do 11 de setembro en Estados Unidos, a masacre de Tiananmen en China, ou a Guerra Civil en Líbano; existen moitas formas de relatar —ou de intentar borrar— historias que se manteñen vivas a través da sensibilidade e a obra de artistas procedentes deses lugares. A mostra *Memoria imborrable: Unha mirada histórica a la Colección Videobrasil* presenta un conxunto de pezas que contribúe a rescatar a memoria de eventos e conflitos cuxa interpretación baseouse en versións oficiais da parte vencedora, ofrecendo narrativas persoais que se fan públicas a través da arte.

Memoria imborrable supón un punto de inflexión, pois se trata da primeira gran exposición realizada a partir da Colección Videobrasil, que na actualidade reúne en torno a 3.000 obras (entre elas publicacións, documentación, e uns 1.300 traballos en vídeo a partir dos anos oitenta) de artistas procedentes do Sur Xeopolítico do mundo, eixo curatorial de Videobrasil, que comprende países de Latinoamérica, Caribe, África, Oriente Medio, Europa do Leste, Sur e Sudeste de Asia, e Oceanía. A partir da inmersión neste complexo e variado universo, a selección realizada por Agustín Pérez Rubio inclúe obras que teñen en común temas como a violencia de estado, as fronteiras políticas, e os prexuizos.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

MARCO // ANEXO

Intertextual

Ciclo de exposicións comisariado por Ángel Calvo Ulloa

Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Nova sala de proxectos na antiga tenda-librería

A partir de xaneiro 2015, o lugar ata agora dedicado a tenda-librería no vestíbulo principal do MARCO convértese en sala de proxectos, retomando o espírito do Espazo Anexo na praza peonil posterior (2004-2011). Seguindo un dos signos distintivos do MARCO, esta nova liña de programación pon especial énfase na produción propia, tanto no que se refire ás obras en si —novas producións realizadas especificamente para este espazo— como ao comisariado —ciclos de exposicións a proposta dun mesmo comisario, con periodicidade anual.

Intertextual. Ciclo de intervencións durante o ano 2015

A programación ábrese co ciclo *Intertextual*, comisariado por **Ángel Calvo Ulloa**, que estará en marcha durante todo un ano. O ciclo estréase o **16 de xaneiro** coa intervención de **CARLOS MACIÁ**, á que seguirán, ao longo de 2015, as de Mauro Cerqueira, Juan López, June Crespo, e Fernando García.

Intertextual parte dunha selección de artistas pertencentes a unha mesma xeración, voceiros da realidade artística nacional e internacional dos últimos anos, que atopan nesa conexión de influencias un campo de traballo ideal. A intertextualidade, segundo as palabras de José Ángel Valente, non se pode entender referida unicamente á relación entre creadores do campo da literatura. As influencias teñen que romper con esa serie de divisións invisibles e conectar dese xeito as artes plásticas coa poesía ou a música co pensamento filosófico, dando lugar a múltiples diálogos que deben ter como lugar común o día a día, a cotianidade.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS


MARCO // ANEXO

CARLOS MACIÁ

249 litros


- 16 xaneiro – 5 abril 2015
- Comisario: Ángel Calvo
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Dta.: Carlos Maciá. Bosquexo preparatorio do espazo de intervención.



Proveniente do campo da pintura, o traballo de Carlos Maciá pasa en ocasións a desenvolverse sobre o espazo de intervención, rebasando así o soporte bidimensional e establecendo un diálogo coa arquitectura que envolve ao espectador.

249 litros, como mostra inaugural deste espazo, establece unha mirada cómplice coa exposición de Angela de la Cruz que en 2004 abriu o Espazo Anexo do MARCO. A intervención realizada por Maciá en 2013 no Pavillon Suisse de Le Corbusier en París, ou a recente *15 litros* en Madrid, supuxeron dous bancos de probas para unha obra que rebasa os límites do abarcable e que representa para o artista un desafío a todos os niveis.



Carlos Maciá volve ao MARCO nove anos despois da súa participación na exposición *Urbanitas*, ocupando un espazo sobre o que xa traballara daquela e, aínda que inmerso nun proceso que inevitablemente se adscribe ao campo da escultura, cun traballo puramente pictórico.

EXPOSICIÓN TEMPORAIS

MARCO // ANEXO

Intertextual

Ciclo de exposicións comisariado por Ángel Calvo Ulloa

Á intervención de Carlos Maciá seguirán, ao longo de 2015, as de **Mauro Cerqueira, Juan López, June Crespo, e Fernando García.**

MAURO CERQUEIRA

- 10 abril – 14 xuño 2015
- Comisario: Ángel Calvo
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

JUAN LÓPEZ

- 26 xuño – 23 agosto 2015
- Comisario: Ángel Calvo
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

JUNE CRESPO

- 4 setembro – 1 novembro 2015
- Comisario: Ángel Calvo
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

FERNANDO GARCÍA

- 13 novembro 2015 – 24 xaneiro 2016
- Comisario: Ángel Calvo
- Produción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

DIDÁCTICA

XANEIRO-XUÑO 2015

Visitas e obradoiros para escolares e familias

[Actividades complementarias das exposicións temporais]

No primeiro semestre do ano, o Departamento de Didáctica do MARCO continuará coa súa programación dirixida a escolares e público familiar. As visitas e obradoiros, especialmente deseñados e adaptados a distintas idades, axúdannos a achegarnos ás obras dos artistas participantes nas exposicións temporais.



Visitas e obradoiros para escolares

Para grupos de infantil, primaria, secundaria e bacharelato

- Do 8 xaneiro ao 12 xuño 2015
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: de martes a venres de 11.00 a 13.30



Actividades e obradoiros para familias

Para nenos/as a partir de 3 anos, sós ou acompañados de persoas adultas

- Do 10 xaneiro ao 31 maio 2015
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: sábados e domingos de 12.00 a 14.00

DIDÁCTICA

OUTUBRO-DECEMBRO 2015

Visitas e obradoiros para escolares e familias

[Actividades complementarias das exposicións temporais]

A partir do mes de outubro, retomarase a programación habitual con visitas e obradoiros para escolares, e as actividades para familias, en torno ás exposicións temporais.

OUTRAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

Ademais, durante os meses de xuño a decembro, existe a posibilidade de deseñar e programar actividades didácticas específicas, como **obradoiros infantís de verán** nos meses de xullo e agosto, e outros programas con motivo de datas ou celebracións especiais.



CURSOS PARA ADULTOS

XANEIRO-MAIO 2015

Durante o primeiro semestre do ano continuarán os tres cursos iniciados en outubro de 2014.

‘OS OLLOS NON QUEREN PECHARSE. Persistencias e resistencias da mirada na historia do cine’

Historia da mirada a través de filmes e cineastas que se resisten a pechar os ollos, que se rebelan e nos revelan novas maneiras de ver e de dar a ver, ampliando así o noso imaxinario.



- Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- Docente: **José Manuel López**, coa participación de relatores convidados
- Datat: do 14 outubro 2014 ao 5 maio 2015
- Lugar: salón de actos
- Horario: martes, de 19.30 a 21.00

‘OS OUTROS IMPORTANTES. Parellas artísticas no século XX’

Unha análise da traxectoria, ao longo do século XX, de parellas pertencentes a diferentes ámbitos artísticos.



- Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- Docente: **Ana Pereira Molaes**, coa participación de relatores convidados
- Datat: do 15 outubro 2014 ao 6 maio 2015
- Lugar: salón de actos
- Horario: mércores, de 19.30 a 21.00

‘AGUZAR O OÍDO (II). 23 músicas que cambiaron a escoita’

Charlas e audicións en torno a figuras esenciais da música dos séculos XX e XXI, a través de 23 sesións que combinan erudición e entretemento cunha linguaxe amena e accesible.



- Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, en colaboración con Vertixe Sonora
- Colabora: Casa da Música do Porto
- Docente: Emilio Lede Abal e Vertixe Sonora Ensemble, coa participación de relatores convidados
- Datat: do 9 outubro 2014 ao 23 abril 2015
- Lugar: salón de actos
- Horario: xoves, de 20.00 a 21.00

CURSOS PARA ADULTOS

OUTUBRO-DECEMBRO 2015

A partir do mes de outubro, o MARCO poñerá en marcha novas propostas de cursos de adultos para a tempada 2015-2016.

FESTA DIM. Día Internacional do Museo

Día Internacional do Museo 2015

Museos para unha sociedade sostible

Datas: sábado 16 e domingo 17 de maio

Como cada ano dende 1977, o ICOM (Consello Internacional de Museos) convida aos museos do mundo enteiro a celebrar o 18 de maio o Día Internacional do Museo, creado para promover o interese xeral pola xestión e as actividades dos museos e centros de arte. O lema para o DIM 2015 é 'Museos para unha sociedade sostible', que pon de manifesto o papel que xogan os museos á hora de sensibilizar ao público sobre a necesidade dunha sociedade menos debaldidora, máis solidaria e que utilice os recursos dun xeito máis respectuoso cos sistemas biolóxicos.

Unha vez máis, o MARCO sumarase a esta celebración e ofrecerá unha programación especial na fin de semana do 16 e 17 de maio, con actividades para públicos de todas as idades, xunto coas exposicións que nesas datas se exhiben en salas.

FESTA 13º ANIVERSARIO

Festa XIII Aniversario

Datas: 13 e 14 de novembro de 2015

O 13 de novembro de 2015, o MARCO cumprirá trece anos dende a súa apertura ao público. Para esta ocasión, o Museo programará, como é habitual, unha fin de semana cunha programación específica da celebración do Aniversario, con horarios especiais de apertura.

CONCERTOS E FESTIVAIS

Durante 2015, o MARCO continuará a súa colaboración con outros programas, festivais e propostas levados a cabo en colaboración con distintas entidades e institucións. A continuación indícanse os xa previstos, aos que se irán sumando máis actividades ao longo do ano.

ALT'15. Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo

- Datas: 13, 14 e 15 marzo 2015
- Lugar: salón de actos
- Organiza: Noescafé Teatro Asociación Cultural
- Colabora: Concellería de Cultura, Festas e Museos, Concello de Vigo

IMAXINA SONS 2015. 11º Festival de Jazz de Vigo

- Datas previstas: última semana de xuño / primeira semana de xullo 2015
- Lugar: salón de actos (concertos) e Laboratorio das Artes (Academia de sons)
- Organiza: Concellería de Cultura e Festas, Concello de Vigo

Na súa undécima edición, o Festival de Jazz Imaxina Sons combinará o seu programa de concertos coa súa nova liña de actuación denominada 'Academia de sons': un programa de concertos didácticos e obradoiros; un lugar onde experimentar, aprender e divertirse, dirixido a públicos de todas as idades.

Festival SINSAL 2015

O MARCO reanuda a súa liña de colaboración con Sinsal e as actividades deste Festival de referencia da música e o son dos nosos días. En 2015, Sinsal prosegue o seu ciclo Sinsal Anecoico na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións da Universidade de Vigo; un proxecto que conta coa colaboración entre o Festival Sinsal, o MARCO, o laboratorio de acústica organizado por AtlanTIC na EE Telecomunicación da Universidade de Vigo e co apoio do Concello de Vigo.

MARCO/Escena

No ano 2015, o MARCO continuará coa súa programación específica de artes escénicas comisariada por Pablo Fidalgo Lareo.

VERTIXE VIGO'15

Concertos e obradoiros no MARCO

Ademais da súa colaboración no curso 'Aguzar o oído', o MARCO cooperará con Vertixe Sonora aollendo nas súas instalacións unha parte dos concertos e actividades do Festival Vertixe Vigo, que ofrece unha ampla panorámica da creación sonora internacional.

BIBLIOTECA-CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

A Biblioteca-Centro de documentación do MARCO é un servizo gratuíto que ten como obxectivo proporcionar información bibliográfica, hemerográfica e audiovisual sobre a arte do século XXI e outros aspectos da cultura contemporánea, ademais dos servizos de consulta en sala, acceso a Internet, actividades de difusión e envío dos Boletíns electrónicos de novidades e convocatorias.

Durante o ano 2015, ademais da súas actividades habituais —atención de usuarios e socios, documentación interna e de apoio aos departamentos de exposicións e comunicación— a Biblioteca continuará programando actividades especiais, como a participación na campaña de *Bookcrossing* con motivo do Día Internacional do Libro, e a organización de mostras bibliográficas e documentais en torno aos artistas e obras presentes nas exposicións temporais do MARCO.

Bookcrossing

Coincidindo co Día Internacional do Libro, o MARCO sumarase á experiencia de *Bookcrossing* na que cada ano participan museos e centros de arte de todo o mundo. Unha campaña de liberación de libros na que enchen as cidades con volumes de diferentes disciplinas, procedentes da bolsa de duplicados das súas bibliotecas.

+ info en www.bookcrossing-spain.com

Exposicións bibliográficas e dixitais

Selección de catálogos individuais e colectivos dos artistas participantes nas exposicións. En formato dixital, referencias web coas entrevistas, artigos, reportaxes e vídeos máis relevantes.



Doazón da Biblioteca de Francisco Mantecón

Mostra bibliográfica con selección de publicacións da biblioteca do artista e deseñador gráfico Francisco Mantecón.

Datas: do 23 de xaneiro ao 31 de maio 2015

Lugar: Biblioteca-Centro de documentación (1º andar)

Estes fondos bibliográficos son produto dunha doazón realizada en 2011 pola viúva do artista, Pilar Barreiro Mosquera, á Biblioteca-Centro de documentación do MARCO.

Para esta mostra bibliográfica realizárase unha nova e coidada selección dos fondos máis destacados da biblioteca de Francisco Mantecón, incluíndo catálogos de Bienais xa descatalogados, libros sobre teoría social da arte, e publicacións específicas sobre deseño gráfico. Grazas ao labor de catalogación e arquivo, todos os fondos que conforman esta biblioteca están a disposición dos usuarios na Biblioteca-Centro de documentación do MARCO.

AGRUPACIÓN DE AMIGOS DO MARCO

A Agrupación de Amigos do MARCO continuará a súa programación en 2015, con visitas guiadas ás exposicións do MARCO e outros lugares da cidade, as sesións do Café Voltaire, viaxes e excursións, visitas culturais, e outras actividades exclusivas para membros da Agrupación. Dentro destes programas xa habituais, a AAM presenta varias novidades este ano, como un ciclo de visitas ao Vigo industrial, e outras iniciativas realizadas en colaboración con varias entidades e colectivos, como a Oficina de Voluntariado do Concello de Vigo.



Visitas guiadas ás exposicións do MARCO

Visitas para Amigos do MARCO guiadas polos comisarios e artistas, coincidindo coa xornada inaugural.

Ciclo 'MARCO Extramuros'

Visitas a exposicións noutros museos e galerías da cidade.

'Café Voltaire. O sabor das letras'

Sesións literario-gastronómicas un xoves de cada mes, organizadas en colaboración coa Fundación Carlos Casares.

'Coñeces a túa cidade, coñeces o teu contorno?'

Percorridos a distintos lugares de interese na cidade de Vigo.

Viaxes e excursións

Excursións a cidades e lugares do entorno con motivo de distintos eventos culturais.

Outros eventos e feiras de arte

Visitas ás feiras de arte ARCO - ART MADRID - JUST MADRID, en febreiro 2015.

OUTRAS ACTIVIDADES E SERVIZOS

HOTEL MARCO

Un proxecto de MICHAEL LIN & rvr arquitectos



O HOTEL MARCO, situado no Espazo Anexo, é un proxecto do artista Michael Lin e rvr arquitectos, que transformou o lugar nun cuarto de hotel cuxo uso continúa na actualidade, sexa dentro do programa de residencias, para reservas de particulares, e tamén como espazo en aluguer para distintos fins.

+ INFO en www.marcovigo.com

Información e reservas: info@marcovigo.com

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

- Visitas guiadas todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita nos tel. 986 113900/11

MIGUEL OLIVEIRA Restaurante



A cafetería-restaurante do MARCO continúa a súa actividade da man do cociñeiro Miguel Oliveira, que asumiu a súa xestión baixo o nome **Miguel Oliveira Restaurante**. Cunha renovada oferta gastronómica, e ademais dos seus servizos habituais cara ao público, o restaurante ofrece propostas á medida dos seus clientes, como lugar idóneo para o desenvolvemento de distintos eventos.

- Horario: de luns a sábados de 08.00 a 21.00
- Tel. +34 886 116712
- <http://www.migueloliveira.es>

+ INFO sobre actividades e programación do MARCO en:

www.marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

<https://twitter.com/MARCOVigo3>

Para calquera consulta ou información, dirixase a:

MARCO, Departamento de Comunicación (Marta Viana)

Tel. +34 986 113900 / 113908 / 113904

marta.viana@marcovigo.com